

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Eva Solla Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Juan Manuel Fajardo Recouso**, membros do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta en Pleno**, relativa ao nomeamento da nova directora xeral de inclusión social.

Polo decreto 158/2015, do 5 de novembro, publicado no DOG do 9 de novembro, nomeouse directora xeral de inclusión social a María de los Ángeles Teijeiro González. Logo de dous meses e medio aínda non tomou posesión, nunha xestión dos tempos que trasloce o nulo interese – de clase – que o goberno do PP ten respecto do desenvolvemento das políticas sociais dirixidas aos sectores da nosa sociedade máis golpeados pola xestión neoliberal desa mesma crise-estafa neoliberal.

Os últimos datos de pobreza e exclusión social desagregados para Galicia no informe Foessa confirman que preto de setecentas mil persoas se atopan nese pozo de necesidade, angustia e medo social que provocan unhas políticas dirixidas a encher os petos dunha minúscula fracción social a costa do que sexa, incluso das vidas humanas e as súas esperanzas.

Cabe supor que os retrasos na súa incorporación as tarefas da súa dirección xeral teñan que ver coa incapacidade da Xunta para eliminar os retrasos e insuficiencias no tramitación e concesión das axudas de emerxencia social e da RISGA, sinais ben elocuentes da falta de dilixencia e a escaseza de recursos públicos para atender as situacións de exclusión social.

Non se dará por aludida logo da clasificación actualizada do índice de desenvolvemento dos servizos sociais, que sitúa a Galicia entre as comunidades cun grao de desenvolvemento cualificado de irrelevante.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Vai depurar responsabilidades, e en que termos, a Xunta de Galicia por esta negligencia na xestión dos servizos públicos de carácter social?



En Compostela, a 22 de xaneiro do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 22/01/2016 13:15:34

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 22/01/2016 13:15:40

Eva Solla Fernández na data 22/01/2016 13:15:44

Anton Sánchez García na data 22/01/2016 13:15:48

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 22/01/2016 13:15:49

Ramón Vázquez Díaz na data 22/01/2016 13:15:54